



XUNTA DE GALICIA
 REXISTRO ELECTRÓNICO

Saída 734221 / RX 1024507

Data: 31/07/2020 14:24:10



NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 31 DE XULLO DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL, DUNHA SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA REALIZADA POR [REDACTED]

De conformidade co artigo 40 e concordantes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notifícolle que con data do 31 de xullo de 2020, a Directora Xeral de Patrimonio Natural ditou unha resolución co texto íntegro seguinte:

PROCEDEMENTO: ACCESO Á INFORMACIÓN AMBIENTAL	
Expediente	IAB-019/2020
Solicitante	[REDACTED]
Entidade	PLATAFORMA PARA DEFENSA DE CORDILLERA CANTABRICA. [REDACTED]
Enderezo a efectos de notificación	[REDACTED]

ANTECEDENTES

- Con data do 15.05.2020 tivo entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia (registro de entrada 2020/836770) unha solicitude presentada por [REDACTED] H), en representación de PLATAFORMA PARA DEFENSA DE LA CORDILLERA CANTABRICA [REDACTED] mediante a que solicita á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda acceso á información pública sobre diversas cuestións relacionadas co oso pardo (*Ursus arctos* L.) cantábrico na Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro do "dereito recoñecido no artigo 3.1 da vixente lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente". A solicitude, en síntese, indica o seguinte:

1. Reactivación, revisión e redacción de xeito inmediato do proxecto de decreto polo que se revisa o plan de recuperación do oso pardo.





2. Relación de medidas adoptadas pola Xunta de Galicia nos territorios nos que actualmente hai presenza de oso pardo ben de xeito continuo ben ocasional, así como os informes ao respecto. Igualmente o informe, memorias xustificativas ou motivación técnica das razóns polas que se decide concorrer e posteriormente executar un proxecto LIFE fóra da área de distribución do oso pardo en Galicia, como é a Serra do Courel (Lugo), segundo o Decreto 149/1992, do 5 de xuño.
 3. Informes e permisos referentes á gravación dun exemplar de oso pardo nos Montes do Invernadeiro (Ourense) así como os informes relativos á necesidade ou conveniencia da súa difusión e aos posibles contratos, subvencións ou convenios da Xunta de Galicia coa produtora do vídeo obxecto da consulta.
 4. Informes motivados que permiten o desenvolvemento de actuacións que, segundo a entidade solicitante, poden interferir coa recuperación e/ou conservación do oso pardo en Galicia como a proliferación de canteiras a ceo aberto, os cultivos forestais con especies exóticas, a construción de infraestruturas de transporte ou a instalacións de parques eólicos e liñas de alta tensión como na serra do Iribio, nas proximidades da Serra do Courel.
- II. Con data do 23.05.2020 publicouse no *Boletín Oficial do Estado* o Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que establece, no seu artigo 9, a continuación, con efectos do 1 de xuño de 2020, do cómputo dos prazos administrativos que foron suspendidos o día 14.03.2020.
- III. Con data do 29.06.2020, o Servizo de Conservación da Biodiversidade informou e notificou (registro núm. 599063/RX841305) á persoa solicitante que, tendo en conta o volume e a complexidade da información solicitada e de acordo co establecido no artigo 10.2.c.2 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE); resultaba imposible atender á solicitude dentro do prazo dun mes establecido no artigo 10.2.c.1 da citada lei, polo que era preciso ampliálo un mes máis, facilitándoselle á persoa solicitante a información no prazo de dous meses desde a recepción da solicitude no registro da autoridade pública competente para resolvela.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- I. A Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE) define a información ambiental como toda información en forma escrita, vi-





sual, sonora, electrónica ou en calquera outra forma que verŕe sobre distintas cuestións, entre elas o estado dos elementos do ambiente, como o aire e a atmosfera, a auga, o solo, a terra, as paisaxes e espazos naturais, incluídos as zonas húmidas e as zonas mariñas e costeiras, a diversidade biolóxica e os seus compoñentes, incluídos os organismos modificados xeneticamente; e a interacción entre estes elementos.

- II. Esa mesma lei regula no seu Capítulo III do Título II o acceso á información ambiental logo de solicitude. O artigo 10 deste capítulo establece que as solicitudes de información ambiental deberanse dirixir á autoridade pública competente para resolvelas e tramitaranse de acordo cos procedementos que se establezan para o efecto, e que se entenderá por autoridade pública competente para resolver unha solicitude de información ambiental aquela en cuxo poder figura a información solicitada, directamente ou a través doutros suxeitos que a posúan no seu nome.
- III. Parte da información obxecto da solicitude encádrase dentro das causas de excepción á obriga de facilitar a información ambiental por parte das autoridades públicas descritas no artigo 13.2 da Lei 27/2006, do 18 de xullo.
- IV. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establece no seu artigo 25 que o dereito de acceso á información pública só poderá ser limitado ou denegado nos supostos previstos na normativa básica. Engade, ademais, que naqueles casos nos que a aplicación dalgunha limitación non afecte á totalidade da información, e sempre que sexa posible, concederáse o acceso parcial, omitindo a información afectada pola limitación, agás que a información resultante sexa equívoca ou carente de sentido.
- V. Parte da solicitude atópase dentro das causas de inadmisión ou denegación recollidas no artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- VI. Con data do 31.07.2020, o Servizo de Conservación da Biodiversidade da Dirección Xeral de Patrimonio Natural emitiu un informe sobre a solicitude de información pública, no que se conclúe que a solicitude se atopa entre os supostos previstos na Lei 27/2006, do 18 de xullo, polo que propón a admisión da solicitude recibida e dar acceso dar acceso á persoa interesada a aquela parte da información solicitada que se atopa en poder da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, agás aquela que non se considera información ambiental de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 27/2006, do 18 de xullo así como aquela incluída nos supostos previstos no seu artigo 13.2. Igualmente, propón denegar o acceso á información incluída nos supostos previstos no artigo 13.2 da Lei 27/2006, do 18 de xullo.
- VII. Este expediente foi tramitado conforme ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de





procedemento administrativo común das administracións públicas.

VIII. A competencia para a resolución destes procedementos correspóndelle á directora xeral de Patrimonio Natural, de conformidade co disposto no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Por todo o exposto, **RESOLVO**

Primeiro. Admitir a solicitude de información pública presentada presentada por [REDACTED] en representación de PLATAFORMA PARA DEFENSA DE LA CORDILLERA CANTABRICA [REDACTED], o 15.05.2020, ao atoparse entre os supostos recollidos na previstos na Lei 27/2006, do 18 de xullo.

Segundo. Dar acceso á persoa interesada a aquela parte da información solicitada que se atopa en poder da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, agás aquela que non se considera información ambiental de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 27/2006, do 18 de xullo así como aquela incluída nos supostos previstos no seu artigo 13.2:

1. *Reactivación, revisión e redacción de xeito inmediato do proxecto de decreto polo que se revisa o plan de recuperación do oso pardo.*

O contido deste aspecto da solicitude non se considera unha solicitude de acceso á información ambiental de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 27/2006, do 18 de xullo.

2. *Relación de medidas adoptadas pola Xunta de Galicia nos territorios nos que actualmente hai presenza de oso pardo ben de xeito continuo ben ocasional, así como os informes ao respecto. Igualmente o informe, memorias xustificativas ou motivación técnica das razóns polas que se decide concorrer e posteriormente executar un programa LIFE fóra da área de distribución do oso pardo en Galicia, como é a Serra do Courel, segundo o Decreto 149/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o plan de recuperación do oso pardo.*

Entre o 01.09.1992 e o 31.12.2003, a Xunta de Galicia participou nos seguintes proxectos financiados con fondos europeos mediante o mecanismo financeiro LIFE, que incorporaron actuacións específicas de mellora do hábitat do oso pardo cantábrico naquelas zonas da provincia de Lugo que contaban con presenza regular de exemplares desta especie:

- LIFE92 NAT/E/014503. *"Primera fase del programa de conservación para el oso pardo y*





su hábitat en el Monte Cantábrico-Galicia".

- LIFE94 NAT/E/004830. "Programa de Acción para la conservación del oso pardo y de su hábitat en el Monte Cantábrico (2da fase)".
- LIFE95 NAT/E/001156. "Programa de Acción para la conservación del oso pardo y de su hábitat en el Monte Cantábrico (3ra fase)".
- LIFE99 NAT/E/006371. "Proyecto Ancares: gestión coordinada de dos LIC adyacentes".

Con posterioridade, aínda que sen cofinanciamento do fondo LIFE, desenvolveu distintas actuacións de mellora do hábitat do oso pardo en diferentes lugares das montañas orientais da provincia de Lugo.

Na actualidade, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, participa como socio no proxecto LIFE 16 NAT/ES/000573 "Acciones para favorecer la expansión del oso pardo cantábrico en nuevos territorios en la Sierra de Courel" no que se inclúen múltiples actuacións de mellora do hábitat do oso pardo cantábrico na rexión suroriental da provincia de Lugo.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda tendo en conta as exigencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais nas actuacións de conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres que desenvolve, ten entre os seus obxectivos, no relativo á xestión do oso pardo cantábrico, minimizar os posibles danos e conflitos ocasionados pola presenza de exemplares desta especie, desenvolvendo como accións máis destacables para a consecución deste obxectivo a protección de colmeares fronte aos ataques de oso pardo mediante a instalación de cercados eléctricos ao redor do colmeares (adquiridos pola Consellería e cedidos aos propietarios dos colmeares), así como a compensación económica dos danos ocasionados polo oso nas explotacións gandeiras. Estas medidas de minimización do conflito e de compensación de danos desenvólvense naqueles territorios da comunidade autónoma galega onde sexan precisas, e non de xeito exclusivo no ámbito de aplicación do Decreto 149/1992, do 5 de xuño.

As medidas de minimización de conflito e mellora da percepción da conservación da especie en Galicia inclúen tamén a preparación e equipamento dun equipo de intervención para a resolución de conflitos cos osos de forma eficaz e con suficiente antelación, o desenvolvemento de accións de sensibilización e de educación ambiental que se desenvolven, novamente, naqueles territorios nos que sexan precisas.

Como complemento a estas actuacións, tense construído unha edificación para o manexo e recuperación do oso pardo no centro de recuperación de fauna do Veral (Lugo), co obxecto de albergar aqueles espécimes salvaxes que se atopen feridos coa idea de recuperalos para súa reintrodución na natureza.



Unha das actividades fundamentais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a correcta planificación das actuacións de xestión do oso pardo cantábrico en Galicia é a participación no Grupo de Traballo do oso pardo cantábrico, no seo do Comité de Flora y Fauna Silvestres do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico, como marco xeral de cooperación e coordinación entre todas as administracións competentes en materia de conservación do oso pardo cantábrico en España.

No marco desta cooperación, participouse na revisión da Estratexia para a conservación do oso pardo *Ursus arctos* na Cordilleira Cantábrica, aprobada pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente el 30 de setembro de 2019.

Outra das actuacións que se desenvolverán de xeito inmediato no marco do Grupo de Traballo do oso pardo cantábrico será a realización do censo xenético ou estima poboacional de oso pardo mediante técnicas xenómicas, mediante a posibilidade de utilizar unha combinación entre o uso de mostras xenéticas non invasivas (excrementos e pelos), co fin de obter perfís xenéticos individuais de exemplares de oso baseados na utilización de Polimorfismos de Nucleótido Simples (SNPs).

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural integra todas esas ferramentas para conseguir os grandes obxectivos de conservación que son parte das súas competencias, entre eles, o desenvolvemento, en todas aquelas zonas nas que sexan necesarias, das medidas específicas de xestión do oso pardo mencionadas anteriormente, e ademais, outros mecanismos como a elaboración e execución de estratexias de eliminación de factores de ameaza comúns a distintos taxóns, ou a elaboración e aprobación de instrumentos de planificación e xestión de espazos naturais protexidos.

Como parte das estratexias de eliminación de factores de ameaza comúns a distintos taxóns destaca, de xeito relevante para o oso pardo cantábrico, o Plan de acción para a loita contra o uso ilegal do veneno no medio natural de Galicia, aprobado mediante Orde do 20 de marzo de 2017 (no que xa se facía mención ao rexistro do envelenamento dun exemplar de oso pardo no ano 2000 nas montañas dos Ancares intoxicado con carbofurano), que foi aprobado coa finalidade de diminuír, e por último erradicar, o uso ilegal do veneno no medio natural de Galicia.

Ademais, todos os instrumentos de xestión de espazos naturais protexidos inclúen medidas específicas de xestión e conservación de especies de flora e fauna silvestre. O Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia e o Marco de Acción Prioritaria da Rede Natura 2000 en Galicia, son exemplos de instrumentos de xestión de espazos naturais protexidos que inclúen medidas de conservación dos compoñentes claves da biodiversidade destes espazos, entre as que se





atopan as poboacións de especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, e que polo tanto son ferramentas que contribúen a súa conservación e xestión.

En canto á información relativa ao proxecto LIFE 16 NAT/ES/000573 "Acciones para favorecer la expansión del oso pardo cantábrico en nuevos territorios en la Sierra de Courel", o socio coordinador do proxecto LIFE 16 NAT/ES/000573 é a Fundación Oso Pardo sendo unicamente responsable a Xunta de Galicia da execución da actuación encamiñada á preparación e equipamento dun equipo de intervención para a resolución de conflitos cos osos de forma eficaz e con suficiente antelación permitirá que esta Comunidade Autónoma dispoña dun equipo de intervención integrado por persoal da Consellería dotada de equipamento específico e formación especializada para xestionar de maneira axeitada as diferentes situacións que puideran producirse pola presenza do oso co obxectivo fundamental de garantir tanto a seguridade das persoas como a conservación da especie. Este equipo de intervención, que se creará no marco deste proxecto, terá vocación de futuro e manterase e integrarase nas políticas de protección da especie desenvolvidas pola Xunta de Galicia. Esta acción tamén inclúe a dotación de material veterinario e de captura, transporte e manexo así como a adecuación dun recinto no centro de recuperación de fauna do Veral (Lugo) para o mantemento e tratamento de osos. O equipo e o material estarán dispoñibles durante todo o período de execución do proxecto, e continuarán activos unha vez finalizado este.

Para o resto das actuacións do proxecto LIFE 16 NAT/ES/000573 "Acciones para favorecer la expansión del oso pardo cantábrico en nuevos territorios en la Sierra de Courel", a información atópase accesible ao público e pode consultarse nos seguintes enlaces:

https://ec.europa.eu/environment/life/project/Projects/index.cfm?fuseaction=search.dspPage&n_proj_id=6225

<https://fundacionosopardo.org/proyecto-life-oso-courel/>

3. En relación aos posibles contratos, subvencións ou convenios da Xunta de Galicia coa produtora de vídeo obxecto da consulta.

Indicar que a información relativa a posibles contratos, subvencións ou convenios da Xunta de Galicia atópase accesible ao público e pode consultarse nos seguintes enlaces:

<https://www.contratosdegalicia.gal/portada.jsp?lang=es&cambiolidioma=true>

<https://www.conselleriadefacenda.es/es/servizos-e-tramites/listaxe-servizos/rexistro-publico-de-subsuencions/rexistro-publico-de-subsuencions>

<https://www.xunta.gal/consulta-convenios>



4. *Informes motivados que permiten o desenvolvemento de actuacións que, segundo a entidade solicitante, poden interferir coa recuperación e/ou conservación do oso pardo en Galicia como a proliferación de canteiras a ceo aberto, os cultivos forestais con especies exóticas, a construción de infraestruturas de transporte ou a instalacións de parques eólicos e liñas de alta tensión.*

Dado o carácter excesivamente xeral deste aspecto da solicitude e á vista da tipoloxía dos proxectos mencionados debe informarse que este tipo de proxectos atópanse no ámbito de aplicación da normativa relativa á avaliación ambiental de proxectos e polo tanto, sometidos ao correspondente procedemento de avaliación do impacto ambiental. A información atópase accesible ao público e pode consultarse nos seguintes enlaces:

<https://cmatv.xunta.gal/resolucions-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos>

<https://sede.miteco.gob.es//portal/site/seMITECO/navServicioContenido>

Terceiro. Denegar a solicitude de información relativa a informes e permisos referentes á gravación do exemplar de oso pardo no Parque Natural de Invernadeiro así como os informes relativos á necesidade ou conveniencia da súa difusión por atoparse entre os supostos descritos no artigo 13.2 da Lei 27/2006, do 18 de xullo.

Contra esta resolución, que non finaliza a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Asinado dixitalmente

A subdirectora xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas

Susana Cuesta Fariña

